

**ACTA DA SESION ORDDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 9 DE OUTUBRO DE 1995.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día nove de Outubro de mil novecentos noventa e cinco; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi celebrada o pasado día 2 de Outubro.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-

Visto o escrito de Dona Amparo Losada Pousa, veciña de San Paio, con domicilio na rúa O Cabo, no que prega se lle conceda a acometida de auga pasa uso doméstico no devandito domicilio, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, accede ó solicitado; a acometida levarase a cabo baixo a supervisión do Sr. Encargado do Servicio; o interesado fará aboamento en concepto de taxa da suma de 7.000 pesetas, sen o cal requisito esta autorización ficará nula e sen efecto.

Visto un expediente que se está a tramitar a instancia de Dona

Clotilde Sendín Moldes, veciña de San Cristovo, para proceder á rehabilitación da infravivenda da que é titular no devandito lugar, ó amparo do disposto no Decreto 343/1992, do 26 de Novembro, da Consellería denominada naquel intre de Ordenación do Territorio, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda: 1º.- Solicitar ó Instituto Galego de Vivenda e Solo unha subvención do 80% do presuposto con destino á rehabilitación da infravivenda de Dona Clotilde Sendín Moldes, sita en San Cristovo, deste término municipal.- 2º.- Prestar aprobación á memoria valorada polos servicios técnicos deste Concello, cun presuposto de 1.733.203,20 pesetas.- 3º.- Acepta-los termos do Decreto 343/1992.- 4º.- Facultar ó Sr. Alcalde para acepta-la subvención, no caso de que se lle conceda.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, coñece os seguintes:

Da Farmaceutica titular, partes semanais de cloración de augas do abastecemento do consumo público de Ribadavia e de Sam Paio.

Da Farmaceutica titular, resultados das análises mínimas das augas potables de consumo público de San Paio e de Ribadavia.

Do Goberno Civil de Ourense, comunicando incoación a establecemento público, expediente 503/95.

Do Goberno Civil, Circular nº 6/95, relativa ó horario de peche de espectáculos e establecementos públicos que rexerá dende o 1 de Outubro ata o 30 de Xuño de 1996.

Do Excmo. Sr. Valedor do Pobo, sobre queixa presentada por Dona Odila González Centrón, acordando a Comisión de Goberno, por unanimidade, remitir tódalas actuacións que se levaron a cabo para a corrección de tales infraccións.

Da Xerencia Territorial do Catastro, relativo a Sentencia do Tribunal Económico-Administrativo Central sobre o Imposto de Bens Inmóbles correspondente a presa de Castrelo.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura correspondente ó mes de Setembro presentada polo Sr. Asesor Urbanístico do Concello de acordo co convenio de colaboración entre este Concello e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Delegación de Ourense), por importe de 99.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento dunha factura de gastos de quilometraje de viaxes oficiais presentada polo Alcalde de Concello, por importe de 9.800 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade presta aprobación á certificación de ampliación de obra relativa a "Pavimentación Camiño Maquiás", presentada por Finsobra, S.L., por importe de 519.216 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, aproba por unanimidade, Concerto entre o municipio e parroquia de Ribadavia, co fin de fomenta-lo turismo, dando así a coñece-las riquezas turísticas que conteñen os templos desta Vila.

Tómase coñecemento das retencións practicadas pola Mancomunidade por importe de 3.627.855 pesetas imputadas ós seguintes conceptos: prevención e extinción de incendios, 735.071 pesetas; intereses de demora, 53.324 pesetas; prevención e extinción de lumes primeira aportación, 2.500.000 pesetas; servizo de pala, camión e motobomba, 156.500 pesetas; gasóleo, 76.960 pesetas; guías e vídeos, comarca do Ribeiro, 105.000 pesetas; recargo, 66.036 pesetas.-

Igulamente a Comisión toma coñecemento das retencións practicadas pola Mancomunidade por importe de 8.900.000 pesetas imputadas ós seguintes conceptos: recolleita do lixo, 1ª aportación, 5.000.000 pesetas; prevención e extinción de lumes, 2ª aportación, 2.400.000 pesetas; servizos sociais, 1.500.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobacións ós Padróns seguintes: de rede de sumidoiro correspondente ó ano 1995; Recolleita do Lixo correspondente ó ano 1995; e, do Prezo Público de Auga domiciliaria correspondente ó 1º e 2º bimestre do ano 1995.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.

Non houbo.

E sendo as sete e media do serán, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente do cal, coma Secretario accidental, certifico.